



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

BASES DO ENTROIDO 2022

O Concello de O Saviñao co obxecto de promocionar unha das nosas festas tradicionais e de recuperar unha das prácticas populares máis importante destas datas, e coa idea de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o **día 1 de marzo do 2022**, a través da Concellería de Cultura, convoca unha nova edición do concurso de disfraces e comparsas de Entroido, establecendo as normas reguladoras da participación e premios que se outorgarán, de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- PARTICIPANTES E INSCRICIÓN

Neste concurso poderán inscribirse todas as persoas, asociacións, grupos culturais, veciñais ou entidades legalmente constituídas, así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases, que o desexen. Terán que nomear un representante debidamente autorizado para actuar en nome do grupo e/ou asociación, no seu caso.

Os inscritos neste concurso están obrigados a participar no desfile de Entroido 2022 organizado polo Concello de O Saviñao.

Só se poderá presentar unha solicitude por entidade ou grupo. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación: título ou nome do disface, nome e apelidos do participante ou do representante si non participan de xeito individual (coa relación dos participantes por grupo e/ou comparsa, así como a idade se participan na categoría infantil), teléfono de contacto, categoría na que participan e nº de conta bancaria.

INSCRICIÓN: As persoas interesadas poderán inscribirse, dende o día 4 ao 25 de febreiro de 2022, de diferentes maneiras:

Presencial nas oficiñas municipais de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Correo electrónico: saviñao@telefonica.net

O prazo de inscrición **rematará o venres 25 de febreiro ás 14:00 h.**

SEGUNDA.- CATEGORÍAS e CONDICIÓN

1.- O número de compoñentes:

- COMPARSAS: mínimo sete (7) persoas.

- Categoría INDIVIDUAL/GRUPO: de 1 a 6 compoñentes (máximo 6 persoas).

2.- Todos os membros da agrupación terán que ir ataviados con vestimenta propia do Entroido cunha mínima orixinalidade e calidade artística, debendo ser iguais ou integrados no motivo de entroido elixido.

3.- A agrupación deberá participar ao completo e dunha forma activa no desfile do 01/03/2022.





CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

No desfile que se celebrará o martes de Entroido, deberá ir claramente identificado cun cartel, pancarta ou similar, onde figure de forma visible o nome legal da entidade ou o nome do disface ou comparsa. A participación levarase a cabo na orde que lle sexa asignada a cada unha delas polos membros da organización.

A organización comprobará no lugar de saída do desfile a presenza das comparsas e/ou participantes conforme á ficha de inscrición presentada.

4.- Se a agrupación se acompaña dalgún tipo de artiluxio ou artefacto, debe velar en todo momento pola seguridade dos participantes e público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico. Tampouco se permite a participación de animais.

5.- As entidades participantes deberán obedecer as instrucións que lles indiquen a Organización e Garda Civil durante todo o percorrido.

6.- As agrupacións deberán inscribirse e aportar a documentación necesaria no concello antes do día 25 de Febreiro de 2022 ás 14:00 horas para poder optar aos premios.

7.- Será decisión do xurado admitir a participación de comparsas ou carrozas inscritas fóra de prazo, aínda que nese caso, estas non terán dereito a recibir premio por participar.

8.- Se as condicións meteorolóxicas ou outras razóns non permitisen a realización do desfile, a organización poderá suspendelo ou aprazalo para outro día.

TERCEIRA.- CATEGORÍAS E PREMIOS

Todos os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente.

Todas as comparsas, agás as premiadas co 1º, 2º ou 3º posto, en calquera das categorías, recibirán un premio de participación:

- Comparsas: de 7 a 14 membros: 60 €
- Comparsas: ≥ 15 membros: 100 €.

Os premios outorgaranse atendendo ós seguintes criterios:

- Nivel dos disfraces
- Nivel da carroza
- Espectáculo
- Representación
- Caracterización
- Orixinalidade
- Creatividade





CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

PREMIOS:

A) Comparsas:

A1) Categoría Infantil (> 50 % menores de 14 anos)

1º PREMIO.- 300 €

2º PREMIO.- 250 €

3º PREMIO.- 150 €

A2) Categoría Xeral

1º PREMIO.- 300 €

2º PREMIO.- 250 €

3º PREMIO.- 150 €

A3) Premios especiais:

- Premio especial á mellor animación: 50 €
- Premio especial á mellor carroza: 50 €

B) Disfraces individuais/grupos (menos de 6 compoñentes) :

1º PREMIO.- 60,00 €

2º PREMIO.- 30,00 €

Os premios serán outorgados polo Xurado, composto por tres membros, nomeado polo Departamento de Cultura, que valorará os disfraces durante o desfile. A súa decisión será inapelable.

Os disfraces premiados faranse públicos na páxina web do concello e noutros medios de publicidade, unha vez se celebre a reunión do Xurado. A entrega dos premios realizarase a partir do día 02/03/2022, de acordo co resultado que reflicta a Acta asinada polo Xurado o día 01/03/2022, unha vez rematado o desfile, mediante transferencia bancaria.

O Xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. A participación no Concurso de Disfraces supón a total e plena aceptación destas bases.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

